

COMO OBTIVEN O MEU SUPERPODER



Ola, chámome Aloia, teño 13 anos e vivo nunha casa preto do Grove, en Galicia. Hai pouco adquirín unha especie de superpoder. Agora estou a punto de contarvos como o obtiven pero teredes que esperar ata o final para saber cal é.

Todo comezou un día coma outro calquera, mentres ía á escola. Estaba no coche co meu pai, xa que perdera o autobús, e ía camiño de chegar tarde porque había moito tráfico. De súpeto vin un gato negro no medio da estrada. Nese momento berreille ao meu pai que parase, xa que el non parecía darse conta e ía atropelalo. Acto seguido baixeime do coche pero por algunha estraña razón o gato non estaba. Foi entón cando o meu pai preguntoume por que lle dixera que parase. Eu, como faría calquera, pregunteille se non vira un gato negro, pero el respondeume que non.

Ese día, o cal por certo era luns, non me volveu pasar nada parecido.

Foi o mércores cando me dei conta de que só eu podía ver ese misterioso gato. Eu estaba na clase de matemáticas cando, de súpeto, o gato que vira o luns entrou na aula. Eu mirei ao resto da clase pero ninguén parecía darse conta e cando volví xirarme o gato negro xa non estaba.

Cando volví á miña casa vin unhas pequenas pegadas no xardín e decidín seguilas. Elas leváronme ata un pequeno recuncho ao lado da porta do garaxe no cal estaba agochado o gato. Pero esta vez, cansa de que desaparece sen máis, saltei enriba del para atrapalo. Nada máis tocalo tiven unha especie de calafrío e ao mirar as miñas mans non as vía.

Con todo isto supoño que adiviñastes cal é o meu novo superpoder. Agora podo facerme invisible cando queira. Non é increíble?

Begoña de Carlos
1º ESO D

